

SESIÓN FORMATIVA SOBRE CONTAMINACIÓN AMBIENTAL E VISITA A ESTACIÓN DE CALIDADE DO AIRE



OBXECTIVO PRINCIPAL:

Na Rede de Calidade do Aire de Galicia medimos a concentración de partículas e gases contaminantes en aire ambiente, así como outros compostos minoritarios. Avaliamos o comportamento dos contaminantes e facemos o seu seguimento por se existe risco para a saúde das persoas e os ecosistemas.

Estas visitas buscan informar os asistentes sobre o estado da calidade do aire na nosa comunidade e dar a coñecer os métodos para o seu control e o traballo realizado na Rede.

Os contidos da sesión formativa adaptaranse á idade e ó perfil dos asistentes.

LUGAR DE LA VISITA:

Sesión formativa en MeteoGalicia e visita á Estación de San Caetano (a uns 15 minutos de MeteoGalicia).

IMPORTANTE:

A actividade realizarase unicamente se as condicións meteorolóxicas o permiten, en caso contrario, a actividade suspenderase e trasladarase a outra data.

DURACIÓN DA ACTIVIDADE:
2 horas aproximadamente, en función da idade e número dos asistentes.

IDADE OU NIVEL RECOMENDADO:
A partir de 3º de Primaria

GRUPOS:
Máximo 60 persoas (divididos en 2 grupos)

